

AGORA NON, BERNARDO

Texto e ilustracións de DAVID MCKEE

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartón. 22 x 26 cm. 32 páx. 14 €.

Agora non, Bernardo (galego)

ISBN 978-84-8464-428-6. Tras os montes.

Ara no, Bernat (catalán)

ISBN 978-84-16804-64-1. Clàssics contemporanis.

Orain ez, Beñat (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-086-7. Gaur egungo klasikoak.

Agora não, Tiago (portugués)

ISBN 978-989-749-112-2. Clássicos contemporâneos.

-Ola, papá -dixo Bernardo.

-Agora non, Bernardo -dixo seu pai.

-Ola, mamá -dixo Bernardo.

-Agora non, Bernardo -dixo súa nai.

-Hai un monstro no xardín e vaime comer -dixo Bernardo...


Este clásico de 1980 é unha inquietante e divertida historia para primeiros lectores, e á vez un toque de atención aos adultos, tan ocupados nas súas cousas que non atenden abondo as necesidades -xa non materiais, senón afectivas- dos cativos. Malia que Bernardo avisa os seus pais de que hai un monstro a piques de papalo, ningún lle fai caso. No cume do absurdo, o monstro chega a ocupar o lugar do neno no fogar, sen que ninguén máis da familia se decate e persistan en ignoralo, como facían co rapaz.

Un texto con frases breves -descritivas ou dialogadas- dálle axilidade ao relato, ilustrado con imaxes expresivas e vivas cores. Son viñetas que contrapoñen a actitude apelativa de Bernardo cara aos seus pais fronte á indiferencia -e mesmo o fastío- destes por seren interrompidos.

Baixo esta aparente sinxeleza, subxace unha historia incómoda, tan real antano coma na actualidade, ou máis oportuna aínda. De obrigada lectura para reflexionar sobre a (in)comunicación.



-Ola, papá -dixo Bernardo.




-Agora non, Bernardo -dixo seu pai.



-Ola, mamá -dixo Bernardo.



-Agora non, Bernardo -dixo súa nai.



- **Temática:** a (in)comunicación no ámbito familiar.
- **Idade recomendada:** desde 4 anos.
- **Aspectos destacables:** familia, relación nais e pais cos fillos; afectividade, emocións; do autor e ilustrador de "Elmer" (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/ago-ra-non-bernardo-g>

David McKee

(Reino Unido, 1935)

Mentres estudaba na Escola de Arte e Deseño de Plymouth comezou a colaborar en varios xornais como caricaturista. The Times é un dos prestixiosos medios nos que traballou antes de dedicarse á ilustración. Como autor, dende 1964 ten publicado numerosos libros infantís que acadaron éxito internacional e foron traducidos noutros países. Moitas obras súas convertéronse en proxectos cinematográficos e series de animación para televisión. Recibiu, entre outros premios, o Deutscher Jugendliteraturpreis 1987, Children's Choice Selections 1997, International Reading Association 1997 e 1999, e foi nominado ao Premio Hans Christian Andersen en 2006. "Cando penso nos álbums, vexo que non só é un tipo de libros para nenos; tamén o é para adultos, dun xeito peculiar. Gústame pensar que escribo para o adulto que o neno será un día e para o neno que aínda está nun adulto", ten afirmado.